

## DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE RÉXIME INTERIOR, ECONOMÍA, FACENDA E AXENDA DIXITAL ADOPTADO NA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO DÍA 15 DE MAIO DE 2023.

### **ASUNTO:**

**APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚMERO 1/2023 DO CONSORCIO PROVINCIAL PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO. (EXPTE.- 2023035465).**

O Presidente da Comisión somete a debate a proposta de acordo sobre a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 1/2023 do Consorcio Provincial para a Prestación do Servizo Contra Incendios e Salvamento, asinada polo Secretario da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, con data 10 de maio de 2023, cuxo contido é o seguinte:

*“O Pleno do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra incendios e Salvamento, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 27 de abril de 2023, acordou aprobar inicialmente un expediente de modificación de créditos por importe global de 2.482.000,00 euros. Este expediente inclúe o suplemento de crédito número 1/2023 por importe global de 379.000 euros e o crédito extraordinario número 1/2013 por importe global de 2.103.000,00 euros, financiándose con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais (aforro propio procedente de exercicios anteriores), obtido da liquidación do orzamento do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra incendios e Salvamento correspondente ao exercicio económico 2022.*

*Resultando que a Secretaria-Interventora do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra incendios e Salvamento con data 19 de abril de 2023 emite informe favorable do expediente de modificación de créditos por importe global de 2.482.000,00 euros que inclúe o suplemento de crédito número 1/2023 por importe global de 379.000 euros e o crédito extraordinario número 1/2013 por importe global de 2.103.000,00 euros.*

*Considerando o disposto no artigo 177 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, nos artigos 34 a 38 e 40 a 42 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, e nos artigos 2,3,11,27 e demais concordantes da Lei orgánica 2/2012, de 27*



de abril de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, así como nas bases de execución do vixente orzamento, en canto a competencia e tramitación a seguir para a aprobación do expediente de modificación de crédito número 1/2023 do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra incendios e Salvamento.

O Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, acorda:

**Primeiro:** Aprobar o expediente de modificación de crédito número 1/2023 do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra incendios e Salvamento, por importe global de dous millóns catrocentos oitenta e dous mil euros (2.482.000,00 €).

Este expediente inclúe o suplemento de crédito número 1/2023 por importe global de 379.000 euros e o crédito extraordinario número 1/2013 por importe global de 2.103.000,00 euros, de acordo co seguinte detalle:

#### SUPLEMENTO DE CRÉDITO 1/2023.

##### CAPITULO II

Aplicación Orzamentaria	Aumento	Financiamento/ Aplicación	Fins
1360.22104	30.000,00	Rte. líquido tesourería 870.00	Vestuario parques
1360.22199	20.000,00	Rte. líquido tesourería 870.00	Material funxible de intervencións
1360.22799	140.000,00	Rte. líquido tesourería 870.00	Contrato de mantemento dos bens mobles, inmobles e vehículos
<b>TOTAL</b>	<b>190.000,00 €</b>		

##### CAPÍTULO VI

Aplicación Orzamentaria	Aumento	Financiamento/ Aplicación	Fins
1360.623.00	189.000,00	Rte. líquido tesourería 870.00	Investimento novo en maquinaria, instalacións técnicas e utillaxe



TOTAL	189.000,00 €
-------	--------------

### CRÉDITO EXTRAORDINARIO 1/2023

#### CAPITULO VI

Aplicación Orzamentaria	Aumento	Financiamento/ Aplicación	Fins
1360.624.00	1.600.000,00	Rte. líquido tesourería 870.00	Investimento novo en vehículos
1360.62500	6.000,00	Rte. líquido tesourería 870.00	Mobiliario
1360.62900	187.000,00	Rte. líquido tesourería 870.00	Traxes de intervención e similares
1360.63200	300.000,00	Rte. líquido tesourería 870.00	Investimento en reposición de edificios
1360.63400	10.000,00	Rte. líquido tesourería 870.00	Mellora de dotación en vehículos de intervención.
TOTAL	2.103.000,00 €		

*Este expediente de modificación de créditos número 1/2023, por global de dous millóns catrocentos oitenta e dous mil euros ( 2.482.000,00 €), que inclúe o suplemento de crédito número 1/2023 por importe global de 379.000 euros e o crédito extraordinario número 1/2013 por importe global de 2.103.000,00 euros, finánciase con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais, obtido da liquidación do orzamento do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra incendios e Salvamento correspondente ao exercicio económico 2022.*

**Segundo:** *Este expediente de modificación de créditos número 1/2023 do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra incendios e Salvamento, exporase ó público para os efectos de reclamacións, por un período de quince días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).*

*De acordo co establecido na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, durante o prazo de exposición*



*pública, publicaranse na páxina web “[www.depo.gal](http://www.depo.gal)”, a través do enlace correspondente a documentos expostos a información pública <https://www.depo.gal/transparencia/informacion-xuridica-e-patrimonial/documentos-expostos-a-informacion-publica> as correspondentes memorias xustificativas, informes, e demais documentación que constan no expediente de modificación de créditos número 1/2023 do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra incendios e Salvamento.*

*As reclamacións, reparos ou observacións que se presenten serán estudados, no seu caso, polos servizos técnicos da Deputación de Pontevedra e posteriormente pola Comisión informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, que formulará ao Pleno a proposta de aprobación definitiva deste expediente.*

*Este acordo de aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 1/2023 do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra incendios e Salvamento, entenderase definitivamente aprobado no caso de que no prazo de exposición pública non se formulasen reclamacións contra o mesmo.*

Unha vez debatido o asunto e segundo o establecido nos artigos 32 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 52 do Regulamento orgánico da Deputación de Pontevedra e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese a votación a proposta de acordo asinada polo Secretario da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, con data 10 de maio de 2023, obtendo o seguinte resultado:

- 1. Votos a favor: (17)**, sendo oito (8) do grupo provincial do PSG-PSOE, (7) do grupo provincial do Partido Popular, e dous (2) do grupo provincial do BNG.
- 2. Votos en contra: (0)**, ningún.
- 3. Abstencións: (0)**, ningunha



A Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital ditamina favorablemente a proposta de acordo relativa á aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 1/2023 do Consorcio Provincial para a Prestación do Servizo Contra Incendios e Salvamento, cos votos a favor das Deputadas e Deputados dos grupos provinciais do PSG-PSOE, do grupo provincial do Partido Popular e do BNG.

O Secretario da Comisión  
Asdo.: José Antonio Gulías Varela.  
(*Documento asinado electrónicamente á marxe*)

